O marido e os fillos de María regálanlle un crebacabezas cando cumpre 50 anos. Ela está encantada, fai un gran descubrimento. A paciente ama de casa non só goza facendo crebacabezas, tamén se lle dan de marabilla. Entusiasmada pola súa nova paixón, volve á tenda onde lle mercaron o regalo para adquirir outro crebacabezas. Alí, unha nota no taboleiro de anuncios chámalle a atención: "Búscase compañeiro para un torneo de crebacabezas". María bóttalle valor e, a pesar das reservas que expresou a súa familia, contesta ao anuncio.



Gael García Bernal (Leo), Michelle Williams (Ellen), Marife Necesito (Gloria), Sophie Nyweide (Jackie), Run Srinikomchot (Cookie), Tom McCarthy (Bob), Jan Nidao (Salvador), Martin Delos Santos (Manuel), Perry Dizon (Fernando), Maria del Carmen

MAMMOTH (MAMUT) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lukas Moodysson**
 Guión **Lukas Moodysson**
 Producción **Lars Jönsson**
 Música **Jesper Kurlandsky, Erik Holmquist e Linus Gierata**
 Fotografía **Marcel Zyskind**
 Montaxe **Michael Leszczylowski**
 Dirección artística **Josefin Åsberg**
 Vestuario **Denise Östholm**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Mammoth**
 Países **Suecia, Alemaña e Dinamarca**
 Ano **2009** / Duración **125 min**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

Mamut trata sobre unha exitosa parella de Nova York: Leo e Ellen. Leo é o creador dun web en auxe e encóntrase nun mundo de diñeiro e grandes decisións. Ellen é unha cirurxiá que dedica longas quendas de traballo a salvar vidas. A súa filla de oito anos, Jackie, pasa a maior parte do tempo coa súa coidadora filipina, Gloria, unha situación que fai que Ellen empece a se cuestionar as súas prioridades. Gloria deixou dous fillos en Filipinas e veu a Estados Unidos para ganar diñeiro e dese xeito axudar a súa familia. Unha viaxe de Leo a Thailandia vai dar pé a unha serie de reaccións en cadea que terá consecuencias dramáticas para todos.



Shirley Henderson (Joy), Ciarán Hinds (Bill), Allison Janney (Trish), Michael Lerner (Harvey), Chris Marquette (Billy), Rich Pecci (Mark), Charlotte Rampling (Jacqueline), Paul Reubens (Andy), Ally Sheedy (Helen), Dylan Riley Snyder (Timmy)

LIFE DURING WARTIME (A VIDA EN TEMPOS DE GUERRA) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Todd Solondz**
 Guión **Todd Solondz**
 Producción **Christine K. Walker e Derrick Tseng**
 Fotografía **Ed Lachman**
 Montaxe **Kevin Messman**
 Deseño da produción **Roshelle Berliner**
 Vestuario **Catherine George**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Life during wartime**
 País **USA**
 Ano **2009**
 Duración **96 min**
 Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

Joy foxe do seu matrimonio e decide buscar alivio e orientación coa súa nai e mais as irmás. Perséguela visións do seu antigo namorado, Andy, que segue intentando conquistar o seu corazón a pesar de que está morto. Todos os membros da familia de Joy semellan envoltos nun dilema particular. O súa irmá Trish intenta refacer a vida cos seus fillos despois de saber que o seu marido abusou de varios nenos. Coñece a Harvey, un divorciado solitario a piques de xubilarse, e agárrase á esperanza de que unha nova presenza masculina lle vai achegar estabilidade á súa fráxil familia. Helen, a terceira irmá, séntese vítima da súa familia e do seu propio éxito en Hollywood, e Mona, a nai das tres, non consegue superar a amargura cara ao sexo oposto.



Bae Du-na (Boneca inchable),
Arata (Junichi), Itao Itsuji (Hideo),
Joe Odagiri (Sonoda), Sumiko Fuji
(Chiyoko), Masaya Takahashi (Keiichi),
Susumu Terajima (Todoroki), Kimiko
Yo (Yoshiko), Ryo Iwamatsu (Samezu),
Mari Hoshino (Miki)

KŪKI NINGYŌ (AIR DOLL) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Hirokazu Kore-eda**
Guión **Hirokazu Kore-eda**; baseado no
**manga "A figura pneumática dunha
moza" de Yoshiie Gouda**
Produción **Masahiro Yasuda**
Música **World's End Girlfriend**
Fotografía **Mark Lee Ping-bing**
Montaxe **Hirokazu Kore-eda**
Deseño da produción **Yohei Taneda**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Kūki Ningyō**
País **Xapón** / Ano **2009**
Duración **125 min** / Xénero **Drama,**
romance

SINOPSE

Hideo, que vive só, ten unha boneca inchable que de repente ten un corazón. Todo é novo para ela no mundo fóra da casa de Hideo. Coñece a todo tipo de xente. O mundo está cheo de moitas cousas fermosas, pero todas as persoas parece que están tan baleiras por dentro coma ela mesma. Pola mañá, ínflase a si mesma e vai dar un paseo. Coñece a Junichi, un vendedor, do que se namora inmediatamente. Van ao cinema, percorren a cidade xuntos, coma dous noivos. Todo é marabilloso ata que corta a man accidentalmente e empeza a se desinchar diante de Junichi.



Yun Junghee, Lee David, Kim Hira,
An Naesang

POETRY (POESÍA) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lee Changdong**
Guión **Lee Changdong**
Produción **Lee Joondong**
Fotografía **Kim Hyunseok**
Montaxe **Kim Hyun**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Poetry**
Duración **139 min**
Ano **2010**
País **Corea do Sur**

PREMIOS

Premio ao Mellor Guión en Cannes 2010

SINOPSE

Mija vive co seu neto adolescente nunha pequena cidade dormitorio preto do río Han. Mija é unha señora que lle gusta levar sombreiros floreiros e roupa elegante, pero tamén é unha persoa imprevisible e chea de curiosidade. Apúntase por casualidade a un obradoiro de poesía nun centro cultural do barrio e, por primeira vez na súa vida, vese na obriga de escribir un poema. O primeiro paso que dá en busca de inspiración poética é observar a vida diaria ao seu arredor, na que nunca se fixara. De pronto, unha nova enerxía apodérase de Mija, como se fose unha meniña que acaba de descubrir a vida. Pero cando se ten que enfrontar cunha realidade moito máis dura do que nunca imaxinara, decátase de que a vida non é tan marabillosa como cría.



Isabelle Huppert, Nicolas Duvauchelle,
Isaach De Bankolé, William Nadylam,
David Gozlan, Christopher Lambert

WHITE MATERIAL [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Denis**

Guión **Claire Denis**

Fotografía **Yves Cape**

Maquillaxe **Antonella Prestigiacomo**

e **Pierre Olivier Persin**

Son **Christophe Vingtrinier** e **Fred Mays**

Vestuario **Judy Shrewsbury**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **White material**

País **Francia** / Ano **2009**

Duración **100 min**

Xénero **Drama** | **África**

SINOPSE

María é a terratenente dun campo onde se cultiva sobre todo café, nun conflitivo país do corazón de África. É unha muller cun carácter forte e altivo, e por iso sempre cre que ten o control de todo. Agora avéciñase unha guerra civil no país, pero María está disposta a defender a súa colleita con uñas e dentes.



Mónica del Carmen, Gustavo Sánchez Parra, Armando Hernández, Diego Chas, Ernesto González, Bertha Mendiola, José Juan Meráz, Nur Rubio, Jaime Sierra, Ireri Solís, Marco Zapata

AÑO BISIESTO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Michael Rowe**

Guión **Lucía Carreras** e **Michael Rowe**

Producción **Edher Campos** e **Luis Salinas**

Fotografía **Juan Manuel Sepulveda**

Montaxe **Óscar Figueroa**

DATOS TÉCNICOS

País **México**

Duración **94 min**

Ano **2010**

Xénero **Drama**

PREMIOS

Cámara de ouro no festival de Cannes 2010

SINOPSE

Nunha pequena cidade da provincia do Gyeonggi, dividida polo río Han, Mija vive co seu neto, que está no colexio. É unha muller excéntrica, chea de curiosidade, que goza coidando o seu aspecto e exhibe sombreros con motivos florais e vestidos con cores vivas. O azar lévaa a asistir a cursos de poesía na casa da cultura do seu barrio e, por primeira vez na súa vida, a escribir un poema. Busca a beleza no seu medio habitual, ao que nunca lle prestou ningunha atención especial ata ese momento. Finalmente, ten a impresión de que descubriu cousas que sempre viu e iso encántalle. Con todo, prodúcese un suceso inesperado que fai que se decate de que a vida non é tan fermosa como cría.



Lambert Wilson, Michael Lonsdale, Olivier Rabourdin, Roschdy Zem, Jacques Herlin, Sabrina Ouazani

DES HOMMES ET DES DIEUX (OF GODS AND MEN) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xavier Beauvois**
 Guión **Etienne Comar e Xavier Beauvois**
 Produción **Pascal Caucheteux e Etienne Comar**
 Fotografía **Caroline Champetier**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Des hommes et des dieux**
 País **Francia**
 Duración **120 min**
 Ano **2010**

SINOPSE

Un mosteiro situado nas montañas alxerianas, nos anos 90... Oito monxes cristiáns franceses viven en harmonía cos seus irmáns musulmáns. Pero paulatinamente a violencia e mais o terror vanse instalando na rexión. Malia as crecentes ameazas que os rodean, a decisión dos monxes de quedar a calquera prezo vai sendo máis firme día tras día...



Nebojša Milovanović (Marko), Jelena Trkulja (Vera), Jozef Shiroka (Nik), Mirela Naska (Maylinda), Bujar Lako (Rok), Yllka Mujo (Vevo), Lazar Ristovski (Tío de Vera), Petar Božovi (Pai de Vera), Danica Ristovski (Nai de Vera)

MEDENI MESEC (HONEYMOONS) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Goran Paskaljević**
 Guión **Goran Paskaljević e Genc Permeti**
 Produción **Goran Paskaljević, Ilir Butka e Nikola Djivanović**
 Música **Rade Krstić**
 Fotografía **Milan Spasic**
 Montaxe **Petar Putniković e Kristina Poženeš**
 Deseño da produción **Željko Antović e Durim Neziri**
 Vestuario **Lana Pavlović e Durim Neziri**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Medeni mesec**
 Países **Serbia e Albania**
 Ano **2009**
 Duración **95 min**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

Coa esperanza dunha vida mellor, dúas parellas de mozos abandonan os seus respectivos países. Melinda e Nik marchan de Albania para dirixirse en barco a Italia, onde esperan vivir o seu amor prohibido. Vera e Marko deixan Serbia en tren con dirección a Austria, atravesando Hungría. Marko, un violoncellista de gran talento, ten a oportunidade de entrar na Orquestra Filharmónica de Viena. Pero os problemas empezan cando chegan á fronteira, aínda que teñen os papeis en regra. A pesar de que non teñen nada que ver cun grave incidente que se produciu a noite anterior en Kosovo, arréstanos por mor dunha serie de desafortunadas coincidencias. A esperanza de converter en realidade os seus soños en Europa, sinónimo de Terra Prometida, vaise esvaecendo. Por desgraza, xa hai moito tempo que a xuventude dos Balcáns está pagando os erros das xeracións anteriores...



Jonah Hill (Cyrus), John C. Reilly
Marisa Tomei, Catherine Keener

CYRUS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jay Duplass e Mark Duplass**
Guión **Jay Duplass e Mark Duplass**
Produción **Michael Costigan**
Música **Michael Andrews**
Fotografía **Jas Shelton**
Montaxe **Jay Deuby**
Deseño da produción **Annie Spitz**
Vestuario **Roemehl Hawkins**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2010**
Duración **112 min**
Xénero **Comedia**

SINOPSE

John C. Reilly dálle vida a un home que se acaba de divorciar e que finalmente atopa a muller que sempre soñou (Marisa Tomei). Con todo, a súa relación vai ter que afrontar un importante obstáculo: o fillo adolescente da muller (Jonah Hill), que vai facer todo o posible para arruinar o seu romance.



Intervencións
Jeanne Balibar, Rodolphe Burger,
Hervé Loos, Arnaud Dieterlen, Joël
Theux, François Lorient, Fred Cacheux

NE CHANGE RIEN [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pedro Costa**
Produción **Abel Ribeiro Chaves,**
Sébastien de Fonseca e Cédric Walter
Música **Pierre Alferi, Rodolphe Burger**
e Jacques Offenbach
Fotografía **Pedro Costa**
Montaxe **Patricia Saramago**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Portugal**
Ano **2009**
Duración **100 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Ne change rien nace da amizade entre a actriz Jeanne Balibar, o enxeñeiro de son Philippe Morel e Pedro Costa, e é a extensión natural dunha curtametraxe que o cineasta realizou en 2005 sobre o traballo como cantante da artista francesa. Na película vemos a Jeanne Balibar nos ensaios e mais nas gravacións dalgúns temas do seu disco *Slalom Dame* (2006), nalgúns actuacións en directo, nas súas clases de canto clásico e no escenario dun café de Tokyo.



Emma Suárez, Eduard Fernández,
Geraldine Chaplin, Martina García,
Àlex Batllori, Àlex Brendemühl, Fermi
Reixach, Anna Ycobalzeta, Marcos
Franz

LA MOSQUITERA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Agustí Vila**
Guión **Agustí Vila**
Música **Alfons Conde**
Fotografía **Neus Ollé-Soronellas**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**
Duración **95 min**
País **España**
Xénero **Drama, enfermidade**

SINOPSE

Geraldine Chaplin encarna o papel de María, unha anciá enferma de Alzheimer que fala a través de Robert, o personaxe interpretado por Fermi Reixach. Eduard Fernández e Emma Suárez danlle vida a unha familia en crise, cu-

xos membros viven atrapados nun mundo de culpabilidade e sentimentos enfrontados. Entre o fogo cruzado dos seus pais está Lluís, interpretado polo debutante Marcos Franz, un adolescente refuxiado nun silencio que se rebela contra o mundo dos adultos. Alicia (Suárez) e Miquel (Fernández) retratan os desencontros dunha familia a piques de se afundir. Ela ama todo demasiado. A el afógao o exceso de amor de Alicia. Gustaríalle vivir nun mundo onde o amor fose ordenado e onde os desexos tivesen horario. Ao seu fillo Lluís (Franz) o simple feito de vivir fai que se sinta culpable. Acolle na casa todo tipo de animais. Este é o punto de partida dun relato de malentendidos cruzados, atrapados por unha rede invisible que os illa: o mosquiteiro.



Liam Neeson, Julianne Moore,
Amanda Seyfried, Max Thieriot, R.H.
Thomson

CHLOE [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Atom Egoyan**
Guión **Erin Cressida Wilson; baseado na película "Nathalie X" (2003), dirixida por Anne Fontaine**
Producción **Ivan Reitman, Joe Medjuck e Jeffrey Clifford**
Música **Mychael Danna**
Fotografía **Paul Sarossy**
Montaxe **Susan Shipton**
Deseño da produción **Philip Barker**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Canadá**
Ano **2009**
Duración **99 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Catherine, unha doutora de éxito, sospeita que o seu marido David, un guapo profesor de música, a engana. Co fin de acalar as súas sospeitas e mais os temores contrata a Chloe, unha moza irresistible para que poña a proba a fidelidade de David. Os tórridos contos de Chloe sobre os seus encontros con David embarcan a Catherine nunha viaxe de redescubrimento sexual e sensual.



Mario Bellatin, Marcela Castañeda,
Graciela Goldchluk, Laura Petrecca,
Margo Glantz

INVERNADERO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Gonzalo Castro**
Guión **Gonzalo Castro**
Fotografía **Gonzalo Castro**
Montaxe **Gonzalo Castro**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**
País **Argentina**
Duración **92 min**

SINOPSE

Mario Bellatín existe: é un escritor mexicano manco que ten unha vitalidade asombrosa; aínda que el mesmo afirme, en *Invernadero*, que xa está morto, e aínda que escriba textos autobiográficos onde o seu nome propio semella que se substitúe por un heterónimo que igual se recoñece como o seu propio fantasma.

E, tamén, aínda que esta película de Gonzalo Castro entre nun ritual sen rumbo para convertelo en personaxe cinematográfico, en espectro nítido. É que todo en *Invernadero* fai equilibrio na beira filososal do mundo da literatura viva e as súas transformacións, onde esa "escritura sen escritura" que Bellatín ensaia acaba por condensar unha atmosfera espesa. Nela sucédense, indiferenciados, os actos ínfimos, os xestos místicos e os diálogos cotiáns coa súa filla, cos seus axudantes e colegas, que mesturan teorías excéntricas con performances espon-táneas, rexistradas en planos fixos que deixan respirar cada palabra e cada xesto ata que os seus ecos amagan en múltiples direccións. E ata que Bellatín logra o prodixio de ser un actor de magnetismo monstruoso, máis aló e máis acó de calquera método e de calquera escritura.



Patrick Fabian (Cotton Marcus),
Ashley Bell (Nell), Iris Bahr (Iris),
Louis Herthum (Louis Sweetzer), Caleb
Landry Jones (Caleb Sweetzer), Tony
Bentley, Shanna Forrestall

THE LAST EXORCISM (O DERRADEIRO EXORCISMO) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Daniel Stamm**
Guión **Huck Botko e Andrew Gurland**
Produción **Marc Abraham, Thomas A. Bliss,
Eric Newman e Eli Roth**
Música **Nathan Barr**
Fotografía **Zoltan Honti**
Deseño da produción **Andrew W. Bofinger**
Vestuario **Shauna Leone**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The last exorcism**
Países **USA e Francia**
Ano **2010**
Duración **87 min**
Xénero **Terror**

SINOPSE

O reverendo Cotton Marcus invita un equipo de rodaxe a que o sigan para documentar os seus derradeiros días como exorcista. Pero a súa fe pronto se ve posta a proba cando o pai dunha rapaza, presa dunha posesión demoníaca, fai que se enfrente cara a cara co mesmo diño.



Participantes

Joe Dante, John Landis, Caroline Munro...

EL HOMBRE QUE VIO LLORAR A FRANKENSTEIN [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ángel Agudo**
 Producción **José Luis Alemán, Sergio Molina**
 e **Luis Miguel Rosales**
 Guión **Ángel Agudo**
 Fotografía **Aitor Uribarri**
 Montaxe **Óscar Martín**
 Música **Enrique García**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
 Ano **2010**
 Duración **74 min**
 Xénero **Documental**

SINOPSE

Presentado polo director e guionista norteamericano Mick Garris (*Masters of Horror*), *El hombre que vio llorar a Frankenstein* repasa a vida e mais a lenda da icona do terror español, Paul Naschy, a través de amigos e compañeiros de profesión como John Landis, Joe Dante, ou Nacho Cerdá entre outros.



Ninón del Castillo, Pascual Loayza,
 Nicolás Fernández, Juan Pablo Koria,
 Mariana Vargas, Viviana Condori,
 Luísa de Orioste, Glenda Rodríguez

ZONA SUR [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Juan Carlos Valdivia**
 Guión **Juan Carlo Valdivia**
 Música **Cergio Prudencio**
 Fotografía **Paul de Lumen**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2009**
 Duración **109 min**
 País **Bolivia**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

A historia narra os últimos días dunha familia de clase alta, nun momento no que o país elixiu levar a cabo grandes cambios sociais. Seleccionada por Bolivia como candidata para o Óscar 2010 na categoría de película de fala non inglesa.



Narrador
Yéo Douley

RETURN TO THE LAND OF SOULS (RETORNO AO PAÍS DA TERRA) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jordi Esteva**

Guión **Jordi Esteva**

Fotografía **Jordi Esteva e Albert Serradó**

Cámaras **Albert Serradó e Jordi Vendrell**

Investigación e coordinación **Yéo Douley**

Montaxe **Jordi Esteva e Albert Serradó**

DATOS TÉCNICOS

Título original **Return to the Land of Sou**

Año **2009**

Países **Costa de Marfil e España**

Duración **76 min**

Xénero **Documental**

SINOPSE

Entrado o século XXI, moitas crenzas ancestrais loitan por sobrevivir nun mundo hostil e cambiante. No sueste de Costa de Marfil, entre os akán, algunhas comunidades continúan mantendo contacto cos espíritos, a través dos komián ou sacerdotes animistas que en estado de transe son posuídos polos xenios do bosque e da auga.

Jean Marie Addiaffi (1941-1999), escritor e intelectual marfilés, loitou para preservar a literatura oral, os mitos, a farmacopea e máis a espiritualidade dos akán. Yéo Douley, o seu discípulo, emprenderá unha viaxe que o vai levar ante a tumba do seu mentor para unha libación ritual. No seu longo camiño asistirá aos rituais de iniciación de tres elixidos polos xenios e á entronización dun deles como novo komián ou gran sacerdote animista.



Aina Clotet (Elisa), Clàudia Pons (Elisa nena), Lydia Zimmermann (Nai), Hans Richter (Pai), Pep Sais (Profesor), Jordi Gràcia (Amigo do pai), Ramón Madaula, Nausicaa Bonnin, Mari Pau Pigem

ELISA K [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Judith Colell e Jordi Cadena**

Guión **Jordi Cadena; baseado no conto**

"**Elisa Kiseljak**" de Lolita Bosch

Producción **Antonio Chavarrías**

Fotografía **Sergi Gallardo**

Montaxe **David Gallart**

Dirección artística **Isaac P. Racine**

Vestuario **Anna Pons**

DATOS TÉCNICOS

País **España**

Año **2010**

Duración **72 min**

Xénero **Drama**

SINOPSE

A Elisa, que vai cumprir once anos para o verán, gústalle o seu novo vestido branco con lazos azuis. Pero falta moi pouco para que todo deixe de ter importancia. O amigo do seu pai fíxoa chorar e despois díxolle: "Se deixas de chorar, heiche regalar unha pulseira de prata". Ninguén se decata do que pasou. Elisa está un pouco estraña e nada máis. Ata que pasan catorce anos, catro meses e algúns días, e entón chama a súa nai para lle dicir, asustada: "Axúdame, acabo de lembrar unha cousa horrible".



Juliette Binoche (Elle), William Shimell (James Miller), Jean-Claude Carrière, Agathe Natanson, Adrian Moore, Angelo Barbagallo, Andrea Laurenzi

COPIE CONFORME (ROONEVESHT BARABAR ASL AST) (COPIA CERTIFICADA) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Abbas Kiarostami**
 Guión **Abbas Kiarostami**
 Producción **Marin Karmitz, Nathanaël Karmitz, Charles Gillibert e Angelo Barbagallo**
 Fotografía **Luca Bigazzi**
 Montaxe **Bahrman Kiarostami**
 Deseño da produción **Ludovica Ferrario e Giancarlo Basili**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Copie conforme (Roonevesht barabar asl ast)**
 Países **Francia e Italia**
 Ano **2010**
 Duración **106 min**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

Esta é a historia dun encontro entre un home e unha muller nunha pequena aldea italiana no sur da Toscana. O home é un autor británico que acaba de terminar unha conferencia. A muller, de Francia, ten unha galería de arte. Esta é unha historia universal que lle podería ocorrer a calquera, en calquera lugar.



Kate Mara, Malin Akerman, Josh Radnor, Dana Barron, Richard Jenkins, Zoe Kazan, Tony Hale, Pablo Schreiber, Fay Wolf, Michael Algieri, Peter Scanavino, María Elena Ramírez, Sawyer Novak

HAPPYTHANKYOUMOREPLEASE [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Josh Radnor**
 Guión **Josh Radnor**
 Fotografía **Seamus Tierney**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**
 País **USA**
 Duración **100 min**
 Xénero **Comedia, drama, romance**
 Cinema **independente USA**

PREMIOS

Ganadora do premio do público no festival de Sundance 2010

SINOPSE

O filme retrata un momento xeracional no que un grupo de seis mozos neoiorquinos ve como as súas vidas se entrecruzan, mentres cada un/a intenta, á súa maneira, descubrir que significa amar e ser amado.



Martina Juncadella, Julio Graham,
María Torriglia, Walter Jakob,
Leonardo Muñia

CINCO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Cinthia Varela, Marco Berger, Cecilia del Valle, Andrew Sala e Francisco Forbes**

Guión **C. Varela, M. Berger, C. del Valle, A. Sala e F. Forbes**

Fotografía **M. Bascoy, N. Gorla, T. Pérez Silva, G. Fernández Bosque, J. Neira e J.M. Bramuglia**

Producción **Bulevú Cine e Universidad del Cine**

Montaxe **M. Juarez, M. Berger, F. Forbes e F. Gálvez Haberle**

DATOS TÉCNICOS

País **Argentina** / Ano **2010**

Duración **90 min**

SINOPSE

Cinco fai xermolar esa semente do sexo que o cinema arxentino moi poucas veces se ocupou de regar. Para non afogar demasiado o pequeno xermolo, *Cinco* ofrece esa mesma cantidade de pequenas historias a medida que levanta a temperatura nos distintos barrios porteños (ou descende a niveis xélidos na temporada invernal). A manguera do filme rega duro e parello para que o talo do sexo medre firme e duro: fálase, insinúase e mestúrase de todo ou, mellor dito, un pouco de cada cousa, para que nada quede fóra e o espectador poida enchouparse (ou polo menos humedecerse) con diversas prácticas sexuais. *Cinco* é o resultado dun efémero encontro cinematográfico entre directores mozos e escritores tamén mozos. Talvez, este coqueteo erótico entre cinema e literatura non dea ningún xermolo, e talvez tampouco se sosteña a relación entre realizadores e literatos ao longo do tempo; eles, semella que gozaron deste *ménage à trois* de *Cinco* que se completa, claro, co seu público.



FORZAS EN XOGO (FUERZAS EN JUEGO PARA UN DIARIO 2009-2010) [

FICHA TÉCNICA

Dirección, guiión, fotografía e montaxe **David Castro Sopena**

DATOS TÉCNICOS

Año de produción **2010**

Duración **15 min**

SINOPSE

sobrevivir xogar consumir camiñar
consumir resgardarse beber
escoitar contestar consumir
accidentarse afogar escoitar consumir
esperar marchar resistir camiñar
Un diario-colaxe gravado integramente con teléfono móbil

OBSERVACIÓNS

Esta curta está actualmente en fase de montaxe. Pode anunciarse como "montaxe provisional".



Eva Bianco, Victoria Raposo,
Adela Sánchez, Raul Lagge

LOS LABIOS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Santiago Loza e Iván Fund**

Guión **Iván Fund e Santiago Loza**

Fotografía **María Laura Collaso**

Montaxe **Lorena Moriconi**

Produción **Iván Eibuszyc, Santiago Loza e Iván Fund**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**


País **Arxentina**

Duración **100 min**

SINOPSE

Tres mulleres chegan a un lugar afastado nunha provincia. En realidade, non é un lugar tan esquecido, porque cara a alí van elas, que curan, investigan, atenden, axudan. Cun hospital ruinoso como base, as tres poden verse como o efecto positivo dun estado presente,

intentando minorar os moito maiores efectos negativos dun estado ausente –ou simplemente desastroso. Pero esta moi sorprendente e tan límpida como misteriosa película de Iván Fund e Santiago Loza non é un documental sobre asistencia social nin saúde pública; é unha ficción, e non unha de crasa ilustración sobre políticas para a pobreza. En realidade, esta é unha película que voa alto, que se permite descubrir e narrar vidas, animarse á dor e ás pequenas alegrías en medio do barro (un barro que pode ter a inocencia do xogo e a nobreza da liberación), e que conta mediante encadramentos que fragmentan con precisión un todo ao que reenvían –estética e eticamente– con pudor e respecto. Fund e Loza poténcianse con novas seguridades e novos horizontes nas súas temáticas e nos seus recursos, que inclúen unha versión inesquecible dunha canción temible.



BICICLETA, CULLERA, POMA (BICICLETA, CULLER, MAZÁ) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Carles Bosch**

Guión **Carles Bosch**

Produción **Oriol Ivern**

Música **Josep Sanou**

Fotografía **Carles Mestres**

Montaxe **Ernest Blasi e Carlos Prieto**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Bicicleta, cullera, poma**

País **España**

Ano **2010**

Duración **105 min**

Xénero **Documental**

SINOPSE

No outono de 2007, a Pasqual Maragall diagnósticaselle Alzheimer. Superado o golpe inicial, el e mais a súa familia inician unha cruzada contra a enfermidade e, desde o primeiro paso, esta película convértese nun testemuño de excepción. Con intelixencia, sinceridade e bo humor, Maragall déixase retratar a carón da súa familia e mais os médicos para deixar constancia do día a día da súa loita persoal.



Pilar López de Ayala, Ricardo Trêpa,
Filipe Vargas

O ESTRANHO CASO DE ANGÉLICA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manoel de Oliveira**

Guión **Manoel de Oliveira**

Fotografía **Sabine Lancelin**

Produción **Leon Cakoff, François**

d'Artemare, Renata de Almeida, Maria

João Mayer e Luis Miñarro

Deseño da produción **Christian Marti e José**

Pedro Penha

Montaxe **Valérie Loiseleux**

Vestuario **Adelaide Maria Trêpa**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **O Estranho Caso de Angélica**

Ano **2010** / Países **Portugal e España**

Duración **97 min** / Xénero **Drama**

SINOPSE

Ambientada nos anos 50, narra a historia de Isaac, un fotógrafo cun misterioso pasado que cando chega a un poboado vinícola de Portugal recibe unha insólita encarga no medio da noite: realizar o derradeiro retrato dunha moza que acaba de finar, Angélica.

O estraño caso de Angélica enlaza o tema da morte, encarnado polo personaxe de Pilar López de Ayala, nun relato sobre a obsesión polo suxeito amado. Isaac (Ricardo Trêpa) namórase da beleza de Angélica, inspirado por unha experiencia estética que lle abre a porta a unha nova dimensión.



LA DANSE - LE BALLET DE L'OPÉRA DE PARIS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Frederick Wiseman**

Guión **Frederick Wiseman**

Fotografía **John Davey**

Son **Frederick Wiseman**

Edición **Frederick Wiseman e Valérie Pico**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**

Ano **2009**

Duración **159 min**

SINOPSE

O ballet da Ópera de París é unha das mellores compañías de danza do mundo. *La danse* amosa como unha compañía funciona desde a administración, o soporte técnico, as clases, os ensaios e as representacións de sete pezas; *Paquita* de Pierre Lacotte, *O Crebanoces* de Rudolf Nureyev, *Genus* de Wayne McGregor, *Medea* de Angelin Preljocaj, *La casa de Bernarda Alba* de Mats Ek, *Romeo e Xulieta* de Sasha Waltz e *Orfeo e Eurídice* de Pina Baush. *La danse* é un perfil de todos os aspectos desta compañía, unha das principais institucións culturais de Francia.



Scot McNairy, Whitney Able

MONSTERS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Gareth Edwards**

Guión **Gareth Edwards**

Producción **Allan Niblo e James Richardson**

Fotografía **Gareth Edwards**

Música **Jon Hopkins**

Montaxe **Colin Goudie**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Monsters**

Xénero **Ciencia ficción**

País **Reino Unido**

Duración **94 min**

Ano **2010**

SINOPSE

Hai seis anos, a NASA descubriu a posibilidade de vida extraterrestre no noso sistema solar. Unha sonda púxose en marcha para recoller algunhas mostras, pero cando regresaba á terra estrelouse en América Central. Pouco despois, o seu contido acaba xerando novas formas de vida que empezan a medrar e expandirse. Para intentar deter a destrución resultante, a zona infectada de México ponse en corentena. Hoxe en día, os militares estadounidenses e mexicanos seguen loitando para conter as criaturas enormes... A historia comeza cando un aburrido xornalista estadounidense (McNairy) acepta de mala gana atopar a filla do seu xefe, unha turista norteamericana (Able), para ser o seu escolta a través da zona infectada, e levala cara á fronteira segura de EE.UU.



LA NOCHE QUE NO ACABA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Isaki Lacuesta**

Guión **Isa Campo e Isaki Lacuesta**

Fotografía **Diego Dussuel**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**


Duración **80 min**

País **España**

Xénero **Documental**

SINOPSE

Coma moitos actores, Ava Gardner odiaba ver as súas películas. Dica que ela non era a muller da pantalla. Pero todas as películas contan dous relatos: o argumento e a historia dos corpos filmados. Esta película conta o que sucedeu entre dúas imaxes: un primeiro plano de Pandora e un primeiro plano de Harén, o primeiro e o derradeiro que Ava rodou en España. Seguramente, Ava pensaría que ningunha desas dúas mulleres se parecía en nada a ela mesma.



Thanapat Saisaymar, Jenjira Pongpas, Sakda Kaewbuadee, Natthakarn Aphaiwonk, Geerasak Kulhong, Kanokporn Thongaram, Samud Kugasang, Wallapa Mongkolprasert, Sumit Suebsee, Vien Pimdee

LUNG BOONMEE RALUEK CHAT (UNCLE BOONMEE WHO CAN RECALL HIS PAST LIVES) (O TÍO BOONMEE LEMBRA AS SÚAS VIDAS PASADAS) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Apichatpong Weerasethakul**
Guión **Apichatpong Weerasethakul**
Fotografía **Yukontorn Mingmongkon, Charin Pengpanich e Sayombhu Mukdeeprom**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Lung Boonmee raluek chat (Uncle Boonmee Who Can Recall His Past Lives) / Ano 2010**
Duración **113 min / País Thailandia**

PREMIOS

Palma de Ouro á mellor película no Festival de Cinema de Cannes 2010

SINOPSE

O tío Boonmee sofre unha insuficiencia renal aguda e decide pasar os derradeiros días entre os seus no campo. Sorprendentemente, os fantasmas da súa muller falecida e do seu fillo desaparecido vánselle aparecendo e tómano baixo das súas ás. Mentres medita sobre os motivos da súa enfermidade, Boonmee atravesará a xungla coa súa familia ata chegar a unha cova na cima dun outeiro, o lugar do nacemento da súa primeira vida...



Guy Pearce, Ben Mendelsohn, Joel Edgerton, Luke Ford, Jacki Weaver, Sullivan Stapleton, James Frecheville, Daniel Wyllie, Anthony Hayes

ANIMAL KINGDOM [

FICHA TÉCNICA

Dirección **David Michôd**
Guión **David Michôd**
Fotografía **Adam Arkapaw**
Producción **Liz Watts**
Montaxe **Luke Doolan**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Animal Kingdom**
Ano **2010**
Duración **112 min**
País **Australia**
Xénero **Drama, crime**

PREMIOS

Premio do Xurado á Mellor Película Internacional en Sundance 2010

SINOPSE

Drama que mestura delincuencia, marxinalidade e vinganza nos suburbios de Melbourne. Tras a morte da súa nai, Joshua "J" Cody (James Frecheville), vai vivir para Melbourne cos seus tíos cos que ata agora non tivo ningún tipo de contacto. Alí estará custodiado pola súa avoa Smurf (Jackie Weaver) e adaptárase rapidamente á nova vida aínda que non tardará en descubrir que este mundo é moito máis perigoso do que nunca imaxinou. Un dos policías, Nathan Leckie (Guy Pearce), debe atraer a J á policía para que sexa o seu reclamo e poder protexelo de policías corruptos e dun submundo paranoico e vingativo.



Bruce Greenwood, Kyle MacLachlan, Amanda Schull, Joan Chen, Chi Cao, Alice Parkinson

MAO'S LAST DANCER (O DERRADEIRO BAILARÍN DE MAO) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Bruce Beresford**
 Guión **Jan Sardi (Memorias: Cunxin Li)**
 Música **Christopher Gordon**
 Fotografía **Peter James**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Mao's Last Dancer**
 Ano **2009**
 Duración **117 min**
 País **Australia**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

Drama baseado na autobiografía de Li Cunxin. Cando ten 11 anos, os delegados culturais de Mao sácanos dunha pobre aldea chinesa e lévannos a Beijing para que estude ballet. En 1979, durante un intercambio cultural con Texas, o mozo namórase dunha muller norteamericana, pero non lle deixan que permaneza en Estados Unidos...



Nina Hoss, Jennifer Ulrich, Karoline Herfurth, Anna Fischer, Max Riemelt

WIR SIND DIE NACHT (WE ARE THE NIGHT) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Dennis Gansel**
 Producción **Christian Becker**
 Producción executiva **Oliver Nommsen**
 Guión **Jan Berger e Dennis Gansel**
 Fotografía **Torsten Breuer**
 Montaxe **Ueli Christen**
 Música **Heiko Maile**
 Deseño da produción **Matthias Müsse**
 Efectos especiais **Dirk Lange**
 Efectos visuais **Alex Lemke**
 Vestuario **Anke Winckler**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Wir Sind die Nacht**
 País **Alemania**
 Ano **2010**
 Duración **95 min**

SINOPSE

Dennis Gansel, o responsable da exitosa *A onda*, explora a noite de Berlín para atopar unha seita de sedutoras vampiresas que se oculta nos clubs alternativos da cidade e goza do luxo e os praceres que lles proporciona a súa alcanzada inmortalidade. Estilizada visión do vampirismo feminino, que está máis cerca de títulos como *A ansia* ou a serie de televisión *True Blood* ca de *Crepúsculo*, *We Are the Night* diferénciase doutros títulos presentes este ano en Sítges por lle dar ao mito unha imaxe de sensualidade, carisma e atractivo, xogando sobre todo coa fascinación pola noite. Unha fascinación coa que Gansel explota de modo case paroxístico os ambientes nocturnos da capital alemá.



Fernando Santos, Alexander David,
Gonçalo Ferreira de Almeida, Chandra
Malatitch, Jenni Larrue

MORRER COMO UM HOMEM [

FICHA TÉCNICA

Dirección **João Pedro Rodrigues**

Guión **João Pedro Rodrigues e Rui Catalão**

Fotografía **Rui Poças**

Montaxe **Rui Mourão e João Pedro Rodrigues**

Produción **Maria João Sigalho**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2009**

Países **Portugal e Francia**

Duración **134 min**

SINOPSE

A noite de Lisboa como homenaxe e réquiem, a través da historia de Tonia, un transexual cuxa xuventude quedou atrás e quere operarse para cambiar de sexo. O amor dálle sentido á súa vida, pero tamén sufrimento; e é entre esa paixón por vivir a vida intensamente e ese pa-

decer da soidade -que sempre ameaza- onde se instala esta poderosa terceira película de João Pedro Rodrigues, despois de *O fantasma* e *Ode-te*. Á altura da súa ambición, consegue sorprender a cada momento, a través dun ton á vez triste e gozoso; e o aparentemente errático da súa construción narrativa revela un fio invisible que vai cosendo as peripecias ata o demoleedor desenlace. Fernando Santos imprímelle ao seu Tonia unha densidade e unha humanidade que hai moito o cinema non se animaba a fornecer. Se xa parecía perdida a vontade de narrar as grandes paixóns, ou construír personaxes guiados por elas, *Morrer como un homem* vén restituír esa dimensión e condensar os xéneros, facendo ver que non son senón variacións dos mesmos temas. Curioso paradoxo o desta película melancólica, que cre tan ferventemente no futuro do cinema.



Àngel Jové, Betty Bigas, Isabel Pisano,
María Martín

BILBAO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Bigas Luna**

Guión **Bigas Luna**

Produción **Pepón Coromina**

Fotografía **Pedro Aznar**

Música **Kurt Weill, Iceberg**

e **Donna Summer**

Montaxe **Anastasi Rinos**

DATOS TÉCNICOS

País **España**

Ano **1978** / Duración **93 min**

Xénero **Terror**

SINOPSE

Leo, un psicópata, concibe unha progresiva fascinación por Bilbao, unha bailarina de striptease que para chegar a fin de mes exerce como prostituta. Leo segue a Bilbao a todas as horas, estuda os seus movementos e acábaa raptando, como se se tratase dun obxecto máis que engadir á súa colección erótica.



Teo Corban (Alcalde), Emanuel Pirvu (Inspector do partido), Avram Birau (Fotógrafo), Vlad Ivanov (Grigore), Tania Popa (Camelia), Liliana Mocanu (Marusia), Ion Sapdaru (Axente Alexa), Diana Cavalioti (Crina), Radu Iacoban (Bughi)

TALES FROM THE GOLDEN AGE [AMINTIRI DIN EPOCA DE AUR] (CONTOS DA IDADE DE OURO) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Cristian Mungiu, Ioana Uricaru, Hanno Höffer, Razvan Marculescu e Constantin Popescu**
 Guión **Cristian Mungiu**
 Produción **Oleg Mutu e Cristian Mungiu**
 Música **Hanno Höffer e Laco Jimi**
 Fotografía **Oleg Mutu, Alex Sterian e Liviu Marghidan**
 Montaxe **Dana Bunesu, Theodora Oenciu e Ioana Uricaru**
 Dirección artística **Cezara Armacu, Mihaela Poenaru, Dana Istrate e Simona Paduretu**
 Vestuario **Dana Istrate, Brandusa Ioan, Luminita Mihai e Ana Ioneci**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Amintiri din Epoca de Aur**
 País **Romanía** / Ano **2009**
 Duración **134 min** / Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

Os derradeiros quince anos do réxime de Ceaușescu foron os peores da historia de Romanía. Con todo, a maquinaria propagandística da época refírese indefectiblemente a aquel período como a idade de ouro. A película é unha adaptación para a gran pantalla das lendas urbanas máis famosas daquela época, na que abundaban as historias cómicas, absurdas e sorprendentes, inspiradas nos acontecementos surrealistas da vida cotiá baixo o réxime comunista. O sentido do humor é o que sostivo os romaneses, e o filme propónse capturar ese estado de ánimo ao reproducir a supervivencia dunha nación que tiña que afrontar día a día a lóxica distorsionada da ditadura. *Contos da Idade de Ouro* é a combinación de varias historias reais que se remontan a unha época na que a comida era máis importante ca o diñeiro, a liberdade máis importante ca o amor e a supervivencia máis importante ca os principios.



GUEST [

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Luis Guerín**
 Produción **M. A. Faura, Adrián Guerra, Pepe Tito e Isaac Torrás**
 Música **Gorka Benítez**
 Fotografía **José Luis Guerín**
 Montaxe **Pepe Tito**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
 Ano **2010** / Duración **124 min**
 Xénero **Documental**
Branco e Negro

SINOPSE

Durante a promoción dunha película por diversos festivais do mundo, o seu director deambula polas rúas cunha pequena cámara á procura dun motivo ou dun personaxe para a súa próxima obra. Con forma dun diario de viaxes, *Güest* presenta os rexistros tomados por este cineasta. Baixo o trezado aparentemente azaroso de cada un destes apuntamentos latexa unha película; a situación, o conflito, o personaxe que a debería xestar. "O observado" maniféstase como estado primeiro, esencial e inesgotable do cinema.



Fernando Cayo, Manuela Vellés,
Ana Wagener, Guillermo Barrientos,
Dritan Biba, Martijn Kuiper

SECUESTRADOS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Miguel Ángel Vivas**
 Guión **Miguel Ángel Vivas** e **Javier García**
 Música **Sergio Moure**
 Fotografía **Pedro J. Márquez**
 Producción **Emma Lustres** e **Borja Pena**
 Montaxe **José Manuel Jiménez**
 Deseño da produción **Miguel Riesco**
 Son **Manuel Robles** e **Nacho Arenas**
 Efectos dixitais **Juanma Nogales**
 Maquillaxe **Raquel Fidalgo** e **Iris Bautís**
 Vestuario **Montse Sancho**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2010**
 Duración **85 min**
 País **España**
 Produtora **Vaca Films / La Fabrique 2 /**
Blur Producciones / Xénero Terror

PREMIOS

Premio á mellor película e ao mellor director na categoría de terror no festival de Austin/Texas

SINOPSE

Unha familia adiñeirada que acaba de estrear mansión é asaltada por tres encapuchados. Cando parece que os criminais o teñen todo baixo control, a agresividade dun deles vai facer que empece a correr o sangue. Miguel Ángel Vivas crea unha película chea de suspense e violencia, a camiño entre o *thriller* e o terror de tintura realista. Formada por pouco menos de dez planos secuencia, *Secuestrados* agarra o espectador da garganta cunha sorprendente e arrepiante escena inaugural e non o solta ata o asubío final.



Nathaniel Brown (Oscar), Paz de la Huerta (Linda), Cyril Roy (Alex), Emily Alyn Lind (Linda, moza), Jesse Kuhn (Oscar, mozo), Masato Tanno (Mario), Olly Alexander

ENTER THE VOID [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Gaspar Noé**
 Guión **Gaspar Noé**
 Producción **Vincent Maraval**, **Olivier Delbosc**
 e **Marc Missonnier**
 Música **Thomas Bangalter**
 Fotografía **Benoît Debie**
 Montaxe **Gaspar Noé** e **Marc Boucrot**
 Deseño da produción **Marc Caro**, **Kikuo Ohta**
 e **Jean Carrière**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia, Alemaña e Italia**
 Ano **2009**
 Duración **150 min**
 Xénero **Drama**

SINOPSE

Oscar e máis a súa irmá Linda acaban de chegar a Tokyo. Oscar pasa droga de cando en vez, e Linda traballa como *stripper* nun club nocturno. Unha noite, Oscar recibe un disparo cando fuxía da policía. Antes de morrer, o seu espírito, fiel á promesa que lle fixo á súa irmá de que nunca a abandonaría, négase a abandonar o mundo dos vivos. A partir de entón deambula pola cidade e as súas visións vólvense cada vez máis distorsionadas, de pesadelo. O pasado, o presente e mais o futuro empezan a confundirse.



Mathieu Amalric, Julie Ferrier, Anne Benoit, Damien Odoul, Mimi Le Meaux, Evie Lovelle, Dirty Martini, Roky Roulette

TOURNÉE (ON TOUR) [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Mathieu Amalric**
 Guión **Mathieu Amalric, Marcello Novais Teles e Philippe Di Folco**
 Fotografía **Christophe Beaucarne**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Tournée (On Tour)**
 Ano **2010**
 Duración **111 min**
 País **Francia**
 Productora **Les Films du Poisson / Sofica Europacorp**
 Xénero **Drama**

PREMIOS 2010

Cannes: mellor director

SINOPSE

Joachim, un exitoso produtor de televisión parisiense, deixouno todo (fillos, amigos, inimigos, amores e remordementos) para comezar de cero en América nada máis cumprir os corenta. Regresa cun grupo de bailarinas de striptease New Burlesque, cuxas mentes encheu de fantasías románticas acerca de Francia, de París! De cidade en cidade, o humor dos números e as curvas das rapazas conquistan tanto os homes coma as mulleres. E a pesar dos hoteis impersoais, dos fios musicais e da falta de diñeiro, as coristas inventan un mundo extravagante de fantasía, calidez e festas. Pero o seu soño de concluír a xira ao grande en París rompe en mil anacos: a traizón dun vello "amigo" fai que Joachim perda a sala que xa apalabrara. Vese na obriga de emprender unha breve viaxe de ida e volta á capital, que vai reabrir violentamente as feridas do pasado...



Morjana Alaoui (Anna), Mylène Jampanoi (Lucie), Catherine Bégin (Mademoiselle), Robert Toupin (O pai), Patricia Tulasne (A nai), Juliette Gosselin (Marie), Xavier Dolan-Tadros (Antoine), Isabelle Chasse, Emilie Miskdjian, Mike Chute

MARTYRS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pascal Laugier**
 Guión **Pascal Laugier**
 Producción **Richard Grandpierre**
 Música **Alexis Cortés e Wilfried Cortés**
 Fotografía **Stéphane Martin e Nathalie Moliavko-Visotzky**
 Montaxe **Sébastien Prangère**
 Deseño da produción **Jean-André Landry**
 Vestiario **Claire Nadon**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Canadá**
 Ano **2008**
 Duración **97 min**
 Xénero **Drama, terror**

SINOPSE

Despois de lograr fuxir do seu cativerio, a pequena Lucie é internada nunha clínica. Terriblemente traumatizada e sen querer lembrar nada do que sucedeu, atopa o seu único consolo na amizade con outra interna, Anna. Quince anos despois, Lucie vaise plantar diante da porta dunha casa nas aforas. Nos seus ollos, a ira, e nas súas mans, unha escopeta.



DE PORTA EN PORTA [

FICHA TÉCNICA

Guión, dirección e montaxe **Lisi González**
 Operadora de cámara **Lisi González**
 Cámaras extra **Lino Antón Fernández**
 e **Natxo Taibo**
 Posproducción de Son **Isaac Palacín**
 Foto fixa **Lino Antón Fernández**
 Investigación e loxística **Lino Antón**
Fernández, Celso Díaz e Basilio Calzado

DATOS TÉCNICOS

Formato de gravación **MiniDv, 4:3**
 Formato de encadramento **16:9**
 Duración **38 min**
 Xénero **Documental**

SINOPSE

De Porta en Porta é un proxecto documental sobre as bandas de bombos do Baixo Miño e o norte de Portugal. Este proxecto constitúe un nexo cultural común entre dous pobos separados por un río.



EL RUIDO Y EL SILENCIO [

FICHA TÉCNICA

Agustina Bentos, Sheila Carbia, Jorge Taboada, Javier López, Claudia Peña, Antón Sampedro, Gustavo Pernas, Xosé Manuel Oliveira, Susana Dans, Antonio Mourellos, Cándido Pazó, Xulio Lago, Camilo Rodríguez

A CASA DA LUZ |

FICHA TÉCNICA

Dirección **Carlos Amil Serantes**
 Guión **Carlos Amil Serantes**; adaptación
 da novela de **Xabier P. Docampo**
 Productor **Xosé Xoan Cabanas Cao**
 Fotografía **Alfonso Parra**
 Música **Nani García**

DATOS TÉCNICOS


Duración **91 minutos** / Ano **2010**

SINOPSE

Unha panda de nenos e nenas pasan as súas vacacións en Eiravella –unha pequena vila a medio camiño do rural e o urbano– entre a construción dunha cabana e os xogos propiciados por Duarte, ex profe de debuxo e pintor. Un novo xogo de pistas debe conducir aos nenos a presenza de Duarte, pero Duarte non aparece e ninguén sabe dar conta do seu paradeiro. Os nenos cren que Duarte pode non estar vivo pero se o estivera, están dispostos a rescatalo custe o que custe.

A preocupación da panda, especialmente de Alicia, sobriña de Duarte, crece. As sospeitas recaen sobre Pumariño –un vello “Toliño”, mudo, marxinado por todo o pobo e que acostuma a facer ocos nas paredes das casas de Eiravella. A panda decide sometelo a control. Nun dos seguimentos, a panda chega a unha casa escondida no medio do bosque. Para sorpresa dos nenos, Pumariño os recibe sorrinte e satisfeito. Nunha sala da casa, chea de cadros, Pumariño sinala un deles cun aspecto estrano e a medio rematar –cun bosque, unha paisaxe inquerante e unha cidade cunha torre o fondo– querendo indicar que Duarte está alí.

A panda, incrédula, cre que o “Toliño” os quiere enganar. Pumariño desaparece repentinamente e uns segundos despois, a través do cadro, surxe de novo diante dos nenos. Con todas as dúbidas e todos os medos do mundo, Alicia e o resto da panda, deciden seguir a Pumariño e traspasan o cadro en busca do seu amigo pintor.



Dobrxaxe orixinal
 Terrence Howard (James), Anika Noni Rose (Tiana), Bruno Campos (Príncipe Naveen), Jim Cummings (Ray), Keith David (Dr. Facilier), John Goodman (Big Daddy), Oprah Winfrey (Eudora), Jenifer Lewis (Mamá Odie), Michael-Leon Wooley (Louis), Jennifer Cody (Charlotte)

THE PRINCESS AND THE FROG (TIANA E O SAPO) |

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ron Clements e John Musker**
 Guión **Ron Clements, Rob Edwards, John Musker, Greg Erb e Jason Oremland**
 Producción **Peter Del Vecho**
 Música **Randy Newman**
 Montaxe **Jeff Draheim**
 Deseño da produción **James Aaron Finch**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The princess and the frog**
 País **USA**
 Ano **2009**
 Duración **97 min**
 Xénero **Animación, comedia, familiar, fantasía, musical**

SINOPSE

Walt Disney Animation Studios presenta o musical *Tiana e o sapo*, unha comedia de animación que transcorre en Nova Orleans. Os creadores de *A sereña* e *Aladdin* tráennos un conto clásico cun xiro moderno: unha moza que se chama Tiana, un príncipe convertido en sapo que quiere recuperar a forma humana e un bico que os leva a unha aventura a través das paisaxes de Louisiana.

FOCUS ROLLING STONES



Mick Taylor, Mick Jagger, Keith Richards, Brian Jones, Bill Wyman, Charlie Watts, Victor Brooks, Bo Diddley, Anita Pallenberg, Billy Preston, Smokey Robinson, Albert Maysles

JUST FOR THE RECORD ANOS 60 E 70 [

FICHA TÉCNICA

Director **Steven Vosburgh**
Guión **Steven Vosburgh e Troy Szebin**
Produtor **Michael Pearson e Ian Quarrier**
Produtor executivo **Dante J. Pugliese e Eduardo Eguia Dibildox**
Produtor asociado **James Karnbach**
Música **Shawn Klaiber e Ron Thompson**
Fotografía **Colin Corby e Anthony B. Richmond** / Montaxe **José Bugarín**

DATOS TÉCNICOS

Duración **101 min** / País **Estados Unidos**
Año **2002**

SINOPSE

O único documental dispoñible que repasa toda a historia de The Rolling Stones non está autorizado nin conta co respaldo da banda. Polo tanto, non ten música do grupo nin declaracións feitas expresamente para o mesmo,

pero si que conta con entrevistas de arquivo e, sobre todo, declaracións de músicos que pasaron polo grupo, como Mick Taylor, familiares, amantes, amigos, outros músicos, produtores e mánagers. Neste primeira parte, se lembran os anos 60 e 70, que foron o inicio da era dos Rolling Stones. Trala Segunda Guerra Mundial, Brian Jones, Mick Jagger, Keith Richards, Charlie Watts, Bill Wyman e Ian Stewart, únense por un interese en común, o rhythm & blues, e terminarán compartindo un destino e un éxito que xamais poderían imaxinar. Desde os seus concertos nos pubs de Londres, ata as súas primeiras xiras por América, os anos 60 viron medrar aos Stones. Pasaron de ser unha banda devota dos seus ídolos a converterse na máis importante banda de rock & roll. A década dos 70 foi a de fortes cambios para o grupo. Leváron ao máis alto a súa capacidade creativa, afundíronse baixo a carga da fama e as drogas, para volver novamente renacer...



Mick Jagger, Keith Richards, Mick Taylor, Bill Wyman, Charlie Watts, Marianne Faithfull, Anita Pallenberg

THE STONES IN THE PARK [

FICHA TÉCNICA

Director **Leslie Woodhead** / Produtor **Jo Durden-Smith** / Coprodutores **Michael Darlow, Michael Grigsby, Deirdre Maloney, Denis Mitchel e John Sheppard**
Música **Mick Jagger e Keith Richards**
Fotografía **Bill Brayne, Michael Dodds, Brian Grainger, Nick Lowland, George Turner e Ian Wilson** / Montaxe **Gerry Dow**

DATOS TÉCNICOS

Duración **53 min** / País **Reino Unido** / Ano **1969**

SINOPSE

O 3 de xullo de 1969 morría Brian Jones, o guitarrista fundador dos Rolling Stones. O resto do grupo pensou en facer un gran concerto

ao aire libre gratuíto para homenaxealo e, 48 horas máis tarde, o 5 de xullo, cun novo guitarrista (Mick Taylor), o quinteto estaba de novo sobre o escenario. En concreto, no Hyde Park de Londres, e non diante das 100.000 persoas que inicialmente se previran, senón medio millón. Na filmación rexistrada naquel día pódese ver parte dos prolegómenos e oito das quince cancións interpretadas, coa versión de "Sympathy For The Devil" máis longa que xamais fixeron: 19 minutos. Como curiosidade, Mick Jagger abre o concerto recitando o poema "Adonais" de Shelley lembrando ao seu defunto amigo e compañeiro, ao tempo que soltan milleiros de bolboretas que morrerían pouco despois co frío da noite londinense.



Mick Jagger, Keith Richards, Mick Taylor, Bill Wyman, Charlie Watts, Gram Parsons, Grace Slick, Ike Turner, Tina Turner, Jerry Garcia, Paul Kantner

GIMME SHELTER [

FICHA TÉCNICA

Director **Albert Maysles, David Maysles, Charlotte Zwerin** / Produtor **Maysles Films**
 Produtor executivo **Ronald Schneider**
 Coprodutores **Porter Bibb** / Música **The Rolling Stones, Ike & Tina Turner, The Flying Burrito Brothers e Jefferson Airplane** / Fotografía **Albert e David Maysles** / Montaxe **Joanne Burke, Robert Farren, Ellen Giffard e Kent McKinney**

DATOS TÉCNICOS

Duración **91 min** / País **Estados Unidos**
 Ano **1970**

SINOPSE

Woodstock xa pasara e The Rolling Stones non estiveran alí. Tamén se lles criticaba o alto prezo das entradas na súa xira americana de 1969. Por

ilo, a falta de dez días para rematala, deciden dar un gran concerto gratuito e fílmalo para que quedase para a posteridade como o seu propio gran festival. Os directores son chamados a última hora e aquela película, que serviría para glorificar ao grupo, convértese noutra cousa dende o inicio, cos numerosos problemas para poñer en marcha aquela actuación. O 6 de decembro de 1969, 300.000 persoas se congregan finalmente na autoestrada de Altamont para asistir ao recital. Os Anxos do Inferno encárganse da seguridade. Dende o inicio, aquilo é un caos cheo de violencia que remata co asasinato dun dos espectadores, Meredith Hunter, e outras tres mortes. Todo é filmado polo equipo (entre eles, George Lucas nas cámaras) e a película acaba documentando o momento crucial no final da Xeración do Amor dos anos 60.



Mick Jagger, Keith Richards, Charlie Watts, Bill Wyman, Mick Taylor, Ronnie Wood, Anita Pallenberg, Martin Scorsese, Benicio del Toro, Jack White, Caleb Followill, Don Was

STONES IN EXILE [

FICHA TÉCNICA

Director **Stephen Kijak**
 Produtor **John Battsek, Victoria Pearson**
 Produtor executivo **Mick Jagger, Keith Richards, Charlie Watts, Andrew Ruhemann** / Coprodutores **Jane Rose, Joyce Smith, Sherry Daly, George Chignell**
 Fotografía **Grant Gee**
 Música **The Rolling Stones, Chuck Berry, Robert Johnson, James Moore**
 Montaxe **Ben Stark**

DATOS TÉCNICOS

Duración **61 min** / País **Estados Unidos / Reino Unido** / Ano **2010**

SINOPSE

1971. Case na ruína, con problemas co seu manager e con Facenda, os Rolling Stones deciden exiliarse en Francia. Cada un aluga unha casa,

pero todos acaban vivindo 6 meses en torno a Ville Nellcôte, unha gran casa na Costa Azul na que Keith Richards marca os tempos. O seu produtor aparca un estudio móbil no xardín e durante ese tempo compoñen o seu novo álbum. No soto gravan e, no piso de arriba, o traballo se mestura cunha vida doméstica un tanto especial: horarios indefinidos, heroína, visitantes e camelos que non se van... Cando alguén rouba oito das guitarras de Richards e a policía empeza a investigar o tráfico de drogas, o grupo vaise rematar o álbum a Los Ángeles. Pouco despois se edita con críticas mediocres. Hoxe *Exile On Main Street* está considerado como o mellor álbum dos Rolling Stones e o maior clásico do rock. Todos os protagonistas daqueles seis meses e músicos e cineastas de agora intentan explicar como daquel caos xurdiu esta obra mestra.



Mick Jagger, Keith Richards, Brian Jones, Bill Wyman, Charlie Watts, Anne Wiazemsky, Ian Quarrier, Frankie Dymon, Danny Daniels, Roy Stewart, Tommy Ansah

ONE PLUS ONE (SYMPATHY FOR THE DEVIL) [

FICHA TÉCNICA

Director **Jean-Luc Godard** / Guión **Jean-Luc Godard** / Produtor **Michael Pearson e Ian Quarrier** / Produtor executivo **Eleni Collard**
Coprodutores **Clive Freedman e Paul De Burgh** / Música **Mick Jagger e Keith Richards** / Fotografía **Colin Corby e Anthony B. Richmond** / Montaxe **Agnès Guillemot, Kenneth F. Rowles e Ken Rowles**

DATOS TÉCNICOS

Duración **100 min** / País **Reino Unido**
Ano **1968**

SINOPSE

Tomando como transfundo o panorama cultural de finais dos 60, Jean-Luc Godard ofrece neste filme un testemuño do que se deu en chamar a contracultura occidental. Así, o director mestura, coa súa particular caligrafía, instantáneas dos Rolling Stones compoñendo e gravando un

dos seus maiores clásicos, "Sympathy For The Devil", con episodios de negros revolucionarios, unha muller chamada "Eva Democracia", artistas do graffiti desafiando a propiedade pública con eslóganos sarcásticos e unha librería onde os clientes pagan libros pornográficos e cómics co saúdo nazi. Jean-Luc Godard, invitado a Londres para facer campaña contra as leis que penalizaban o aborto, ofreceu quedarse na cidade si podía rodar unha película cos Beatles ou os Stones, o que estes últimos accederon. A película ofrecerase na versión do Director, titulada *One Plus One* (a diferenza da do produtor, que levaba como título o da canción, *Sympathy For The Devil*). A principal variación é que nas secuencias finais non soa completa a canción dos Rolling Stones, algo que o produtor impuxo na montaxe final para facela máis comercial, e que motivou que o director atacara ao produtor no primeiro pase na Filmoteca de Londres.



Mick Jagger, Keith Richards, Ronnie Wood, Bill Wyman, Charlie Watts, Ian Stewart, Ian McLagan, Ernie Watts, Bobby Keys

LET'S SPEND THE NIGHT TOGETHER [

FICHA TÉCNICA

Director **Hal Ashby** / Produtor **Ronald L. Schwary** / Coprodutores **Kennet J. Ryan e Pablo Ferro** / Música **The Rolling Stones**
Fotografía **Caleb Deschanel e Gerald Feil**
Montaxe **Lisa Day**

DATOS TÉCNICOS

Duración **91 min** / País **Estados Unidos**
Ano **1983**

SINOPSE

En 1981, The Rolling Stones chegan a Norteamérica coa xira do que moitos estiman como o seu último gran disco, *Tattoo You*. Hal Ashby, director de *O regreso* ou *Harold e Maude* e galardoado co Oscar pola montaxe de *No calor da noite*, ponse ao seu servizo para documentar eses concertos, inspirado por *O último vals* de

Martin Scorsese e *Stop Making Sense* de Jonathan Demme. En dúas noites en dous grandes recintos de Temple (Arizona) e East Rutherford (New Jersey), Ashby rexistra 25 cancións clásicas da banda. O resultado é unha película-concerto na que non hai grandes descubrimentos, pero na que os Stones cumpren coas expectativas e avanza como serán as súas xiras para os próximos 30 anos. Charlie Watts, Ronnie Wood e Bill Wyman están sempre nun segundo plano, Keith Richards destaca sobre todos e Mick Jagger se move e posa continuamente, mentres Ashby emprega indistintamente planos aéreos e outros nos que presta atención aos pequenos detalles. A rodaxe motivou que o seu director sufrira un colapso do que case non se recupera, aínda que puido rematar o filme, e que tivese que renunciar a dirixir *Tootsie*.



The Rolling Stones, The Who, John Lennon, Yoko Ono, Eric Clapton, Mitch Mitchell, Ivry Gitlis, Taj Mahal, Marianne Faithfull, Jethro Tull

THE ROLLING STONES ROCK AND ROLL CIRCUS [

FICHA TÉCNICA

Director **Michael Lindsay-Hoog**
 Guión **Michael Lindsay-Hoog, The Rolling Stones**

Produtor **Mick Gochanour, Iris Keitel**

Produtor executivo **Sanford Lieberman**

Coprodutores **Robin Klein**

Fotografía **Anthony B. Richmond**

Música **The Rolling Stones, The Who, The Dirty Mac (John Lennon, Yoko Ono, Eric Clapton, Mitch Mitchell e Ivry Gitlis), Taj Mahal, Marianne Faithfull e Jethro Tull**

Montaxe **Ruth Foster, Robert Klein**

DATOS TÉCNICOS

Duración **63 min**

País **Reino Unido**

Ano **2004 (aínda que gravado en 1968)**

SINOPSE

O que en principio xurdiu como o proxecto de compartir unha xira ambulante entre The Who e The Rolling Stones nunha carpa de circo, pasou logo a ser ideado como un especial para televisión unindo algún número de circo e varias actuacións musicais. Gravado o 11 de decembro de 1968, o programa iniciábase coas seguintes verbas de Mick Jagger: "Oístes falar de Oxford Circus. Oístes falar de Picadilly Circus. E este é o Rock And Roll Circus. Temos visións e sons para marabillar os vosos ollos e oídos, e poderedes escoitar o primeiro deles nuns momentos." O espectáculo nunca foi visto en antena xa que, segundo as malas linguas, The Rolling Stones pensaban que The Who foran moi superiores na súa gravación e porque, xa que houbo moitos problemas coas cámaras escollidas para a filmación, a gravación dos Stones houbo de facerse a última hora da madrugada, reflectíndose neles o cansancio acumulado. Condenada a película ao ostracismo, as cintas foron esquecidas nun palleiro ata que a muller dun dos produtores as rescatou quince anos despois, facendo posible que agora sexa posible ver a última actuación de Brian Jones cos Rolling Stones (tres meses antes de ser despedido do grupo e seis meses antes de morrer), a poderosa actuación de The Who e o magnetismo animal de Mick Jagger na interpretación de "Sympathy For The Devil".

CINE VIDEOCREACIÓN



TENER EL CORAZÓN EN EL LUGAR EQUIVOCADO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Josu Venero**
Producción **Venero y Gorrochategui S.L.**
Guión **Josu Venero**
Montaxe **Josu Venero**
Fotografía **Rafael Bolaños**
Son **Iker Serna**
Música **Wim Mertens**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Año **2010**
Xénero **Documental**
Duración **17 min**

SINOPSE

Filme que nos adentra no mundo e no particular proceso creativo de José Antonio Sistiaga, artista que pinta as súas películas de xeito artesanal, fotograma a fotograma, como se dun lenzo se tratase. Josu Venero ofrécenos unha visión poética deste xeito de tratar o celuloide, sen ningún outro referente a nivel mundial.



F DE FONTCUBERTA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Danielle Villa, Gerardo Panichi.**
Producción **Miquel Álvarez, Paco Poch**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Año **2005**
Xénero **Documental**
Duración **57 min**

SINOPSE

O home contemporáneo non sabe que o máis feroz de todos os depredadores é a ostra, que algúns famosos cosmonautas soviéticos foron borrados da historia ou que as sereas existiron realmente na rexión francesa de Provenza. Detrás destas verdades sorprendentes, hai un home único e especial: o fotógrafo Joan Fontcuberta, universalmente coñecido como o "Rei do engano". Este documental é unha viaxe dentro do mundo dos artistas contemporáneos máis ostentosos e dos seus increíbles descubrimentos. Unha viaxe na terra húmida sen home, entre a falsificación e a realidade.



LA MIRADA DE OUKA LEELE [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Rafael Gordon**
 Producción **Rafael Gordon Producciones**
 Montaxe **Íñigo Madurga**
 Fotografía **Júlio Madurga**
 Música **Eva Gancedo, Jorge Magaz**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
 Ano **2009**
 Xénero **Documental**
 Duración **117 min**

SINOPSE

Ouka Leele, a pintora e fotógrafa que saltou á fama durante a "Movida" madrileña, recibe un encargo de pintar un mural sobre a pedra na vila murciana de Ceutí. O proceso de creación deste é o eixo deste que vertebra este documental rodado ao longo de cinco anos e que se converte nunha retrospectiva sobre a vida de Ouka Leele, Premio Nacional de Fotografía no 2005.



UN MAR DE PEDRA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manu Paz, Xacobo Sanmartín**
 Producción **Xacobo Sanmartín, Manu Paz, Alex Penabade**
 Produtora **Adarme Visual (Luz Divina Films SL), Consellería de Cultura e Deporte**
 Guión **Manu Paz, Xacobo Sanmartín**
 Montaxe **Manu Paz**
 Fotografía **Alex Penabade, David Hernández**
 Son **Xoan Escudero**
 Música **Puzzle**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
 Ano **2010**
 Xénero **Documentais**
 Duración **65 min**

SINOPSE

Un mar de pedra fai un seguimento da produción escultórica do artista Manolo Paz, desde que vai á canteira a escoller a materia prima até o momento de expor na galería. Neste traxecto descóbrese o diálogo que mantén coa pedra, a través da continua observación e alteración do material: unha aposta en nome da abstracción, da terra e do poder do signo. O documental recolle entrevistas de persoas achegadas a Manolo Paz que forman parte da cultura galega e coincidiron con el en diferentes épocas, entre os cales se atopan o seu pai, Lino Silva, David Barro, Luis Servent, Alfonso Penela ou Antón Lamazares



MÓNICA ALONSO: CONSTRUÍNDO O DESCANSO [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Elena López**
 Producción **Elena López**
 Guión **Elena López**
 Montaxe **Julio García**
 Son **Ricardo Cancela**
 Cámara **Sergio Nieto**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
 Ano **2009**
 Xénero **Documental**
 Duración **20 min**

SINOPSE

Construíndo o descanso é unha achega ao proceso de creación da artista Mónica Alonso a través dalgúns dos obxectos e símbolos máis representativos da súa obra. Obras que remiten a aspectos relacionados coa intimidade, a infancia ou os sonhos, que se materializan a través de maquetas e xogos de escalas, sempre oscilando entre a harmonía estética e a técnica. O filme é ademais un repertorio dos espazos e lugares de maduración dos seus proxectos, baseados na arquitectura e no deseño.



MAISON TROPICALE [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manthia Diawara e Ângela Ferreira**
 Producción **Jürgen Bock**

DATOS TÉCNICOS

País **Portugal**
 Ano **2007**
 Xénero **Documental**
 Duración **28 min**

SINOPSE

A obra "Maison Tropicale", da artista Ângela Ferreira, foi executada inicialmente en 2007 no ámbito do pavillón portugués da 52ª Bienal de Venecia. O traballo baseouse nas casas de alumnio que proxectou o arquitecto Jean Prouvé nos anos 50, destinadas ás colonias francesas. Para acompañar a instalación de Venecia, fíxose este filme documental realizado por Manthia Diawara, en colaboración con Ângela Ferreira. A artista e o realizador revisan as marcas da maison tropicale de Jean-Prouvé. As marcas físicas, e tamén as marcas da memoria. Trátase dunha loita contra o esquecemento e o proceso de apagamento. Diawara e Ferreira entrevistan e conversan cos antigos habitantes destas casas situadas en Brazaville (no Congo), e en Niamey (Níxer). Estas conversas permiten non só cuestionar a historia destas casas, senón tamén a historia colonial no seu conxunto.



PELAS SOMBRAS [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Catarina Mourão**

Producción **Laranja Azul**

DATOS TÉCNICOS

País **Portugal**

Ano **2010**

Xénero **Documental**

Duración **83 min**

SINOPSE

Catarina Mourão profunda no universo de Lourdes Castro, retratando a artista na súa realidade presente, na súa vida cotiá, para revelar a harmonía, que nela existe, entre a vida e a arte. Lourdes Castro coñécese como a artista que "coidaba das sombras". Ao longo de súa carreira artística internacional, Lourdes desenvolveu o concepto de sombra, conferíndolle diferentes formas ata, finalmente, reduci-lo ao mínimo e desmaterializalo. Viviu en Munich, Berlín e París, pero hai máis de corenta anos, decidiu volver para a illa de Madeira, a súa terra natal, onde vive desde entón "nas sombras".



DIFICILMENTE O QUE HABITA PERTO DA ORIGEM ABANDONA O LUGAR [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Catarina Rosendo e Olga Ramos**

Producción **Laranja Azul**

DATOS TÉCNICOS

País **Portugal**

Ano **2008**

Xénero **Documental**

Duración **50 min**

SINOPSE

Alberto Carneiro é escultor. Naceu na zona rural norteña de São Mamede de Coronado. Alí exerceu o oficio de santeiro durante varios anos, antes de iniciar un percorrido artístico que o transformaría nun dos máis importantes artistas da súa xeración. Hoxe habita no mesmo lugar onde naceu, nun "regreso a casa" que tamén supón un retorno aos lugares que influenciaron as súas propostas artísticas: as cousas da terra, a paisaxe, o mundo agrícola e o rural do

Val do Coronado. Esta é unha historia sobre Alberto Carneiro, vista a partir da súa obra de 1968, *O Canavial: memória-metamorfose de um corpo ausente*, asumindo como eixo no que se constrúe unha narrativa que permite, de forma máis ampla, trazar algunhas cuestións que traspasan a cultura e a sociedade portuguesa, e que se inxiren nas problemáticas internacionais relacionadas co espertar da consciencia ecolóxica por parte dos países desenvolvidos e coa capacidade das artes visuais de instituírse como campo de intervención social e política que ten a capacidade de rescatar o home da (aparente) apatía a que a masificación dos consumos o conduciu.



A CORAGEM DE LASSIE [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Francisca Manuel**
 Produción **Súbita Associação de Desenho e Cinema**

DATOS TÉCNICOS

País: Portugal
 Ano: 2008
 Xénero: Documental
 Duración: 50 min

SINOPSE

Francisca Manuel acompañou Ana Jotta no seu obradoiro, na súa casa, e durante a montaxe dunha das súas exposicións, filmándoa nese proceso e, tamén, captando os comentarios da artista cara o espírito do seu traballo.

O filme "A Coragem de Lassie" adopta o título dunha exposición individual da artista, realizada en Lisboa, en 1998.

A partir dese momento creou un recorrido artístico marcado por rupturas coas ideoloxías do moderno, dos mitos do posmoderno, e da propia noción de autoría, que vai construíndo e deconstruíndo.



6=0 HOMEOSTÉTICA [

FICHA TÉCNICA

Dirección **Bruno de Almeida**
 Produción **Bruno de Almeida**

DATOS TÉCNICOS

País **Portugal**
 Ano **2008**
 Xénero **Documental**
 Duración **52 min**

SINOPSE

Documental sobre o movemento Homeostética, que xurdiu en Lisboa nos anos 80 e foi constituído polos artistas Fernando Brito, Ivo, Pedro Portugal, Pedro Proença, Manuel João Vieira e Xana. Utilizando o humor como estratexia de demarcación crítica, Homeostética mantivo sempre unha posición marxinal de fortes influencias dadaístas e desenvolveu unha intensa produción que desencadeou en exposicións, textos, manifestos, filmes, concertos e outras performances colectivas. Discretos nas súas realizacións e desprezando totalmente a súa propia glorificación, os homeostéticos perderon en visibilidade externa máis gañaron en modo de existencia. Para eles o sentido da vida encontrábase na creación artística e a creación artística, a súa vez, permitíalles inventar novas posibilidades de vida.



Os protagonistas: Andrés Suárez, Antonio Recuero, Willy Mondeja, Franky Valencia e Felipe Céspedes, de diferentes lugares do mundo Ferrol, Madrid, Cuba e Chile, con diferentes estilos e motivacións musicais, diferentes traxectorias profesionais, pero todos portavoces dun relato común: as súas almas están atrapadas entre a pedra de Santiago

CANCIÓNS DE PEDRA [

FICHA TÉCNICA

Director **Alejandro Goris Míguez**
 Produción **Susana Martínez de la Riva Díaz**
 Montaxe **Alejandro Goris**
 Axudante de dirección **Manuel Vidal Ferro**
 Operador de cámara **Alejandro Goris Deseño de son: Clara Nieto/ Gilbert Eiche Axudante de produción: Cristina Gil López**
Música ficción: Nico Casal
 Grafismo **Manuel Silva**
 Foto Making of **Leonardo Goris / Cristina Gil**

DATOS TÉCNICOS

Formato **Longametraxe documental**
 Xénero **Musical/ Social**
 Duración **50' aprox.**
 Formato gravación **HD**
 Lingua orixinal **Castelán**
 Ano **2010 (Galicia)**
 Producido por **FINE-TEA Comunicación**

SINOPSE

O proxecto Cancións de Pedra xorde nun principio coma un formato de ficción a partir dunha lenda imaxinaria, *A Lenda das Cancións de Pedra*.

Unha lenda da que posteriormente nace a parte documental, representada por unha historia común contada a través de cinco artistas musicais : Andrés Suárez, Antonio Recuero, Felipe Céspedes, Willy Mondeja e Franky Valencia.

Durante 50 minutos eles deléitanos coa súa música, envólvennos coas súas letras, móstrannos o seu día a día e fálannos dunha cidade que os mantén atrapados nas súas rúas de pedra, Santiago de Compostela.

Descóñecen que quizás existe algo ou alguén que vela porque así sexa.

En Cancións de Pedra realidade e ficción se fusionan creando unha atmósfera ambigua cargada de embruxo, maxia e misterio.

O DIRECTOR

Alejandro Goris (Santiago de Compostela, 1981).

Alejandro comezou a introducirse no mundo audiovisual realizando proxectos persoais coma curtametraxes *Seis minutos sin cobertura*, *Cuento de Navidad* e *Medrou*. Mentres segue cos seus estudos coma Técnico Superior de Produción Audiovisual colabora na organización dos festivais "Mestre Mateo" e "Cartoon Forum" Galicia.

Da man da TVG e no programa *Máxima Audiencia*, comeza o seu contacto coa verdadeira realidade no mundo da produción.

Tras esta etapa televisiva, pasa a formar parte do equipo de Bren Entertainment no que terá as súas primeiras experiencias no mundo do cine de animación, participando nas producións de *Pérez, el ratoncito de tus sueños* e *DonkeyXote*.

Traballou tamén na produción do documental *Lume e fume* que Bren Entertainment fixo para a TVG.

Posteriormente traballou no equipo de produción de Artefacto coordinando os proxectos de *Leo*, *Sombras na noite*, *O Apóstolo* ect...

Actualmente, Alejandro é socio fundador de Finetea Comunicación coa que xa realizou baixo a súa dirección varios proxectos para clientes tanto locais: Comarcas de Galicia, Espacio de Arte Moret Art, Compostela Monumental, como de fóra: RedConsultora.

Cancións de pedra é a súa primeira longametraxe documental.

┌ └ ┌ └ CURTAS GANADORAS DO PREMIO DO XURADO XOVE NO **FESTIVAL DE CINE E DEREITOS** **HUMANOS DE DONOSTIA**

(anos 2007, 2008 e 2009). Duración total 43 min



NASIJA (2006)

ESPAÑA
 Director **Guillermo Ríos Bordón**
 Duración **11 min**
 Contacto **Millán Vázquez**
Agencia Freak
 Tel.: 902 01 29 09
 comunicacion@agenciafreak.com

"Gústame as cores vivas, as que alegran a vida, as cores intensas. Quizais aínda non as recoñezas, gustárame ensinarchas, pequerrecha, se puidese...". O camiño cara á lapidación dunha nai moza, sentenciada polo home rico co que casou e ao que non lle deu descendentes, fuxida da súa aldea, maltratada e perseguida. "Condénanme por ser pobre, por vivir soa e ter unha filla".



FGM (2008)

ESPAÑA
 Director **Jon Garaño**
 Duración **18 min**
 Contacto **Jon Garaño / José Mari Goenaga**
Moriarti Produktzioak
 Tel.: 943 42 41 73
 moriarti@telefonica.net

Cada ano dous millóns de nenas no mundo expónense a que lles extirpen, dun xeito total ou parcial, os órganos xenitais. Estímase que máis de 140 millóns de mulleres xa o sufriron, como parte dunha tradición que se sustenta en crenzas e mitos trasladados de xeración a xeración especialmente no continente africano. Pero en países como Ethiopia unha asociación loita por erradicar esta práctica a través da concienciación social.



ÉL NUNCA LO HARÍA (2009)

ESPAÑA
 Director **Anartz Zuazua**
 Duración **14 min**
 Contacto **Koldo Zuazua**
Common Films
 kozua@arrakis.es

Os nenos sempre lles piden cousas difíciles aos Reis Magos. O ano pasado Laura quería un poni. Este ano pediu un avó.

PELÍCULAS SELECCIONADAS NO 1º E 2º CONCURSO DE ANIMACIONS POLA PAZ DA FUNDACIÓ PER LA PAU

Duración total aproximada 63 min 30 s

1º CONCURSO ANIMACIONS POLA PAZ

Duración total 23 min 30 s

Ganador categoría curtmetraje:

Jostuna (el sastre), de Aitor Oñederra

GANADORES CATEGORÍA SPOT

No es un juego, de Fernando Jeger

Un conflicte pot ser un joc, de Christian Negre i Walczak

SPOTS NOMEADOS

Pilotes, da Associació de Comerç Just de Lleida "Lo Cacau"

Pau, si us plau, de Helder Rodrigues Parrinha

Retroceso, de Pablo Baez

Lo que nos deja la guerra, de Mariano Baez

Violència engendra violència, de Sara Dauder

Compartir, de Sara Dauder

CURTAMETRAXES NOMEADAS

Reborn, de Queralt Antú

Caballos de tiza, de Daniel Cánovas

Bendito Machine, de Jossie Malis

Evolución, de Oscar Addiel González Rodríguez

Pensa-t'ho, de David Ramírez Vera e Xevi Gil Rosdevall

CURTAMETRAXES JUNIOR NOMEADAS

Monyicacs de colors, do alumnado

de 3º do CP López Rosat, Valencia

Som somnis, de Victor i Esther Rodríguez

2º CONCURSO ANIMACIONS

**POLA PAZ " SEN ARMAS,
UN MUNDO MÁIS SEGURO"**

Duración total aproximada 40 min

CURTAMETRAXE JUNIOR

Ganador: **No esperis, actua!**

Do alumnado de 5º de Primaria do CEIP Els Costerets (Cataluña)

Nomeado: **Lollipop Tree Wish**, de Olivia Allen-Wickler e música de Michael Monroe (EUA)

CURTAMETRAXE

Ganador: **Without arms, a safer world**,

de Alice Brooke-Smith (Inglaterra), Jimmy McGillChrist (Australia) e Martin Kaumanns (Alemaña)

Nomeados: **Mon jouet**, de Raphael Haie (Francia)

El pastel de la abuela, de Rasa Bieliunaite e Agne Petruskaite (Lituania)

Rambo no, mambo!, de Mundoanimado (Cataluña)

Pau, de Alice Azevedo (Portugal)

Are you a patriot?, de Ivan Costarrosa (Cataluña)

SPOTS

Ganador: **La teva defensa és la paraula**, de Belén Marmeneu, Luís Gomariz, Paula Pérez i de Lanuza, Sandra Ortuño, Sara Requena e Victor Gil (País Valencià)

Nomeados: **Armandito Guerra**, de Montse Belda Antolí, Irene Fenollar Robles, Aida Martínez Salamanca, Jose Mª Nevado Llopis, Abel Tébar Ruiz (País Valencià)

Con las armas nadie gana, de Alejandra Sanz e Borja Ruiz (País Valencià)

Pistolas de Papel, de Caterina Gabelli, Isabel Millán e Julia Martínez Prat (País Valencià)

Danger Global Army, de Álvaro Martínez e Juanma Salvador (Burgos)

El calaix del pare, de Rafael Andrés e Pau Valls Pérez (País Valencià)

Una bala perdida, de Marina Álvarez-Dardet Colomer, Carmen Barrañón Calzada, Sandra Cumplido Vizcaino, Rubén Leite Martínez e Juan Miguel Pérez Esclapez (País Valencià)

EXPOSICIÓN


CINEUROPA DE LIBRO



BIBLIOTECA PÚBLICA ÁNGEL CASAL

DO 10 DE NOVEMBRO AO 3 DE DECEMBRO

Durante a celebración de Cineuropa a Biblioteca Pública Ángel Casal terá aberta unha exposición de carteis de filmes e materiais bibliográficos e audiovisuais relacionados coas películas exhibidas e as súas temáticas



OBRADOIRO DE

GUIÓN DE CINEMA

SEDE FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

11 DE NOVIEMBRE | 18:00 H

Este guión inspírase no “Citizen Kane” de Orson Welles. Esta película conta a historia de Charles Foster Kane, un empresario norteamericano que chegou a ser unha das persoas máis ricas e poderosas do mundo no primeiro terzo do século XX. A nosa obra conta a historia de A.O., un suposto empresario galego que se converte nunha das persoas máis ricas e poderosas no último terzo do século XX.

Esta actividade está realizada por:

XESÚS RON

director artístico da Sala Nasa
e membro do grupo Chévere

MANUEL CORTÉS

actor guionista de teatro e televisión
(protagonista de series como Celabella,
e de longametraxes como Rafael)

Colabora: Sala Nasa

OBRADOIRO INFANTIL DE TÉCNICAS CINEMATOGRAFICAS

Introducir os máis novos no coñecemento do cinema é a idea orixinal dos obradoiros de cinema que queremos facer acompañando as proxeccións das películas seleccionadas.

As charlas impartiranse antes de cada unha das proxeccións e a súa duración estimase nuns 20 minutos cada unha delas.

A idea é explicar de xeito básico algúns dos conceptos vinculados á elaboración dunha película.

Saber como están feitas as cousas pode conseguir que nos interesen aínda máis, que as vexamos de xeito diferente.

De aí que este obradoiro busque a mirada dos nenos para que contemplan o cinema desde unha perspectiva técnica e artística.

MATERIAS QUE SE EXPLICARÁN

- Como é o traballo en equipo.
- Como se reparten as tarefas e as responsabilidades.
- Como se comeza a deseñar a idea dunha película.
- Que son cada un dos profesionais que participan nela.

O FORMATO

- Linguaxe cinematográfica
- Punto de vista
- Movementos de cámara
- Montaxe
- Encadramento
- Planos
- A música nas películas

OS XÉNEROS CINEMATOGRAFICOS

IMOS VER UNHA PELÍCULA

- A distribución
- A exhibición
- O cinema visto na casa
- O cinema na pantalla do ordenador, na TV de pantalla plana...

UNHAS PINCELADAS SOBRE


- o cinema en España
- o cinema en Galicia

O obradoiro tamén tentará explicar como se fan as películas "detrás das cámaras". Desde o traballo de idea, elaboración do guión ata a cuestión dos cartos, a economía do cinema.

Sempre todo isto explicado de xeito moi básico para que os nenos se vaian familiarizando con esa idea de que a película é moito mais ca o que vemos na pantalla.

O pasado do cinema onde era unha arte feita por moi pouca xente, principalmente polos custos.

O momento presente onde a tecnoloxía fai máis barato facer películas.



FORO ACADEMIA ABERTA 2010

**CREATIVIDADE EN
TEMPOS DE CRISE**
SEDE FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

MARTES 16 DE NOVIEMBRE | 18:00 H

Mesa sobre a FINANCIACIÓN
na industria cinematográfica

MÉRCORES 17 DE NOVIEMBRE | 18:00 H

Mesa sobre a DISTRIBUCIÓN
na industria cinematográfica

XOVES 18 DE NOVIEMBRE | 18:00 H

Mesa sobre CREADORES NO CINE

Organiza: Academia Galega do Audiovisual
Tel.: 981 227 701

46

ANIVERSARIO
1964-2010

Skatalites

Grupo convidado: **TRANSILVANIANS**

SALA NASA | DOMINGO 21 DE NOVIEMBRE | 20:00 H

A mítica banda Skatalites, orixe indiscutible do reggae e de toda a música xamaicana, regresa aos escenarios coa súa bagaxe de 46 anos de carreira e un recente disco con temas novos, "On The Right Track", para ofrecer na Sala NASA de Compostela un dos seus tres únicos concertos en España.

Creada oficialmente entre 1963 e 1964, a banda foi o xérmolo de toda a música xamaicana que veu despois: do ska ao reggae, do dub ao ragga.

A experiencia dos seus membros, curtidos en orquestras diversas desde finais da 2ª Guerra Mundial, foi decisiva para introducir elementos

de mambo, jazz e rhythm'n'blues no entón estandarizado calypso xamaicano, o mento. Foron innovacións e influencias decisivas que produciron o pop autóctono de Jamaica, o reggae, do que os Skatalites son os pais indiscutibles.



O excepcional arrecendo de jazz caribeño, os seus solos delicados e a súa sinxeleza como artistas e traballadores, colocan a Skatalites nun posto de honra no Olimpo dos músicos e instrumentistas do século XX.

A fronte dos Skatalites 2010, están os seus fundadores Lloyd Knibbs (batería), Lester Sterling (saxo) e Doreen Shaeffer (vocalista), reforzados con músicos insustituíbles da música xamaicana como Val Douglas (baixo) e Kevin Batchelor (trompeta).

THE SKATALITES son: Lloyd Knibb drums, Doreen Shaffer vocal, Lester "Ska" Sterling sax, Azemebo Audu sax, Andrae Murchison trombone, Natty Frenchie guitar, Cameron Greenlee keyboards, Kevin Batchelor trumpet, Val Douglas bass



TRANSILVANIANS

A banda fórmase en Vigo a finais do ano 2004, con membros procedentes doutros grupos de diversos estilos musicais; Siniestro Total, Skacha, Dakidarria, Os Resentidos... etc

Devotos confesos da música tradicional Jamaicana móvense entre estilos como o Ska, Rocksteady, Reggae ou a Soul music, sen deixar de lado influencias R&B ou Surf. Isto unido á súa paixón polo xénero de terror, a serieB e a ciencia-ficción conforman unha proposta cando menos orixinal.

Xunto ás composicións propias, temas de The Skatalites, Jimmy Cliff, Phyllis Dillon, Joya Landis ou Barbara Lynn... conforman o repertorio habitual dos seus concertos.

Participaron coa súa canción KINGS-TON TOWN / SANTIAGO DC, xunto a outras bandas galegas no A Polo Ghit, un concurso organizado pola Radio Galega e Vieiros, para elixir a canción galega do verán.

No ano 2006, entran nos estudos Muu! de Vigo a gravar de forma totalmente analóxica (como antano) cinco cancións que saíron editadas no nadal de ese mesmo ano, baixo título homónimo, en formato CD e EP polo selo El Ejecutor Records.

Despois da súa participación no disco tributo a Potato, e a súa exitosa xira do ano 2009, este 2010 voltan con mais forza e con novas cancións que rexistran en Studio Juan e que saen editadas en dous traballos ao longo de este mesmo ano; Un single en formato 7" editado por Liquidator Music chamado 'The Vault Of.' e o seu agardado primeiro LP/CD chamado 'Vampire Lover' editado polo seu propio selo, ZombieJ.

Transilvianians son:

Irene Pérez - Voz

Xabi Vieitez - Piano & Hammond

Javier Soto - Guitarra & Voces

Pedro Díaz - Guitarra & Reverb

Pabolo Muñiz - Baixo

Antonio Rodríguez- Trombón & Voces


GDjazz - Trompeta & Voces

Javi "Crossroad" - Saxo Tenor

Kino "Little Cobra"- Batería & Voces

Más información: <http://www.myspace.com/transilvianians#ixzz13bkPT5Lk>


DIRECTORES



Jean-Luc Godard



José Manuel Mourino



Luis Miñarro



José Maria de Orbe



José Luis Guerín



Abbas Kiarostami



Agustí Vila



Agustí Villaronga



Alberte Pagán



Alejandro Goris Míguez



Andrés Victorero



Ángel Santos




Antonio Caeiro



Apichatpong Weerasethakul



Belén Montero



Bigas Luna



Borja Cobeaga



Bruce Beresford



Carles Bosch



Carlos Amil Serantes



Catarina Rosendo



Lee Changdong



Claire Denis



Cristian Mungiu



Daniel Stamm



David Castro



David Michôd



Hal Ashby



Vanessa Vila Verde, João José Varela, Eduardo Sanches



Elena López



Eloy Enciso



Frederick Wiseman



Gareth Edwards



Gaspar Noé



Gonzalo Castro



Goran Paskaljević



Guillermo Ríos



Hirokazu Kore-eda



Isaki Lacuesta



Iván Fund



Javi Camino



Santiago Loza



João Pedro Rodrigues



Jon Garaño



Jonás Trueba



Jordi Esteve



Josh Radnor



Josu Venero



Juan Carlos Lausín



Juan Carlos Valdivia



Juan Lesta



Judith Colell e Jordi Cadena



Lara Babelo



Leslie Woodhead



Lisi González



Lois Patiño



Lukas Moodysson



Manoel de Oliveira



Manu Paz



Marcos Nine



Michael Rowe



Manuel Martín Cuenca



Mathieu Amalric



Michael Lindsay-Hogg



Miguel Ángel Vivas



Natalia Smirnoff



Olga Ramos



Oliver Laxe



Pablo Millán




Pascal Laugier



Pedro Costa



Peque Varela



Peter Mullan



Rafael Gordon



Ramiro Ledo



Atom Egoyan



Semih Kaplanoglu



Stephen Kijak



Steven Vosburgh



Susana Rey



Susanne Bier



Takashi Miike



Thomas Vinterberg



Todd Solondz



Víctor Hugo Seoane



Xavier Beauvois



Xurxo González



Zhang Yimou



Wes Anderson



Jay Duplass e Mark Duplass

Con la colaboración del

Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales ICAA

CINE ESPAÑOL

¡nuestra cine!



Ministerio de Cultura
Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales
Plaza del Rey, 1
28004 Madrid

Tel.: 91 701 7258
Fax: 91 701 7402
www.mcu.es/cine/index